

Á ofensiva contra a precariedade

O IV Acordo Nacional de Emprego e Negociación Colectiva (AENC 2018- 2020), alcanzado entre as organizacións sindicais e empresarias, permitirá mellorar os salarios e condicións laborais de todas as traballadoras e traballadores suxeitos a convenio colectivo, que son a inmensa maioría. Este acordo súmase á transposición a Galicia do II Acordo estatal para a mellora do emprego público –do pasado mes de marzo–, para a recuperación de salarios e dereitos das traballadoras e traballadores públicos e Galicia.

Desde CCOO preténdese que as grandes beneficiadas sexan as persoas cos salarios máis baixos, que verán como mellora sensiblemente a súa situación, pois durante a vixencia do dito acordo (2018, 2019, 2020), e de maneira progresiva, ínstase a establecer un salario mínimo de convenio de 14.000 euros anuais. A implantación dese salario mínimo por convenio podería beneficiar ao redor de 175.000 traballadores e traballadoras en Galicia, a maioría mulleres e xente moza.

A suba do salario mínimo por convenio ata os 14.000 euros anuais suporá incrementos salariais entre o 12 % e o 20 %. Nalgún caso concreto de traballadores e traballadoras con condicións salariais moi precarias, poderíase tratar de aumentos mesmo por riba do 30 %.

Dos traballadores e traballadoras que están cubertos por un convenio colectivo sectorial de ámbito provincial

A implantación dese salario mínimo por convenio podería beneficiar ao redor de 175.000 traballadores e traballadoras en Galicia, a maioría mulleres e xente moza



ou autonómico, CCOO calcula que se beneficiarán do recollido no AENC unhas 100.000 traballadoras e traballadores –aproximadamente o 60 % serían mulleres–, maiormente encadrados no comercio, na hostalaría, na sanidade privada, na limpeza, no transporte de mercadorías, centros de especiais de emprego, e na axuda a domicilio.

Entre os convenios sectoriais que dan cobertura a unha porcentaxe elevada de traballadores e traballadoras que teñen un salario por baixo dos 14.000 euros cabe salienta o autonómico para salóns de peiteado de donas, cabaleiros, unisex e salóns de beleza, asinado pola CIG coa patronal FEGEPA e denunciado por CCOO no TSXG.

No dito convenio, unhas 6600 traballadoras e traballadores –o 94 % son mulleres– deberían ver incrementadas as súas retribucións básicas. O salario máis baixo recollido na táboa salarial (9903 euros anuais) aumentaría un 41 %.

Outros convenios a destacar son o de sanidade privada en Lugo –o salario máis baixo fixado en convenio terá que incrementarse nun 33 %–, o do comercio de alimentación de Lugo –a suba será do 8 % no caso do salario máis baixo– ou o do comercio téxtil de Ourense –no que o salario máis baixo deberá subir nun 20 %.

No caso dos convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia, estimamos que o salario mínimo de convenio introducido polo AENC beneficiará a uns 35.000 traballadores e traballadoras. Entre os convenios nos que se producirán incrementos para alcanzar o dito salario mínimo por convenio destacan o da industria téxtil



e confección, o do sector de centros de chamadas (contact center), o das empresas de seguridade, o das axencias de viaxes ou o das instalacións deportivas e ximnasios.

Hai outros 45.000 traballadores e traballadoras a xornada completa en Galicia que tamén se verán beneficiadas, e dentro deles hai dous colectivos ben diferentes: un 35% serían persoal que non dispón de negociación colectiva de referencia, e o 65% restante, persoal público, na súa maioría asalariados da administración local en Galicia.

CCOO leva formulando no último ano a necesidade de que estes colectivos dispoñan de negociación colectiva de ámbito autonómico a través dun acordo galego de cobertura de baleiros e dun acordo marco para as entidades locais. No primeiro caso, a dirección de Comisións Obreiras levará a proposta ao Consello Galego de Relacións Laborais. Para o segundo, o sindicato emprazará as Ad-

ministracións públicas a iniciar a negociación de forma urxente, co obxectivo prioritario de que a incorporación do salario mínimo de mil euros mensuais en catorce pagas sexa unha realidade para estes colectivos.

Crecemento do PIB

Desde CCOO destácase o efecto agregado directo que ten un escenario de cambio de tendencia nas retribucións do conxunto dos traballadores e traballadoras, cun potente impacto sobre o maior motor da economía galega. Tendo en conta que o peso do consumo privado sobre economía galega representou no ano 2017 o 59,8%, a mellora salarial estimulará un crecemento adicional do noso PIB no próximo período, sendo este un aspecto imprescindible para dar unha resposta aos problemas de volume de emprego, calidade do mesmo e tamén contribuír a mudar a tendencia demográfica –que precisa dunha maior eficiencia económica.

Reunión coa Xunta de Galicia

O 10 de xullo, o secretario xeral de CCOO, Ramón Sarmiento, e a secretaria de Emprego, Maica Bouza, reuníronse en sede parlamentaria co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde.

No encontro pedíuselle á Xunta unha participación activa para estender en Galicia a cobertura do IV AENC e do acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo ao conxunto das Administracións. Tamén se lle solicitou ao Executivo autonómico un acordo marco para ampliar a cobertura colectiva para os traballadores e traballadoras das entidades locais.



De esq. a der., Conde e Feijóo con Sarmiento e Bouza | Foto: Conchi Paz

Esta xuntanza continúa unha rolda de contactos iniciada días atrás cos grupos parlamentarios da oposición, cos que CCOO tamén tratou estas cuestións.